



a senda do moucho

TD-PO-000756

# SENDEIRO LOCAL DE ZAMÁNS

ATA O MIRADOIRO DE HERBILLE OU VIRXE DAS NEVES.

Domingo, 27 de abril do 2025



Xa hai máis dunha década, e máis aló tamén, que numerosos colectivos veciñais, asociacións culturais e ecoloxistas puxeron en marcha unha campaña para pedira a protección de A Serra do Galiñeiro. Moitos tesouros



garda tanto nas súas saias coma nos seus cumios. Pero es que ademáis ten lugares de extraordinaria beleza que ben paga a pena percorrelos para coñecerlos, valoralos e así saber o por que da súa defensa como patrimonio



natural, etnográfico e paisaxístico de gran relevancia na comarca. Dende o aspecto medioambiental, moitos tesouros naturais, moitas especies vexetais e animais atopan o seu nicho ecolóxico nestas paisaxes



contituídas tanto por bosques de ribeira, fragas, paisaxe de matogueira coma zonas forestais onde poder atopar fungos,, aves e insectos de gran relevancia como a "Chioglossa lusitanica", anfibio endémico de Galiza.



O sendeiro local de Zamáns percorre os montes da parroquia de Vigo con maior carácter rural. Ao longo da rota destaca a ordeación do monte que está orientado para a produción forestal, ao mesmo tempo que combiña sendeiros e pistas para a realización de actividades físico-deportivas na natureza.

O trazado visita espazos moi diferenciados: o parque forestal, a praza da Leitiera, nol centro da parroquia de Zamáns ou o conxunto dos muiños de Vilaza, nome anterior ao do río de Zamáns, rehabilitados pola comunidade de Montes.

A senda bordea o encoro de Zamáns, que segundo a época do ano amosa un encanto especial.

Asciende progresivamente hasta llegar el límite del Ayuntamiento de Vigo, al pie del Monte Gallinero y desde allí nos dirige hacia Cascada de la Freixa, que dependendo da época do ano, baixa máis ou menos cargada de auga e cuio caudal, este domingo que a visitaremos, a bon seguro satisfaranos ca súa beleza.

Nós aumentaremos o percorrido natural do sendeiro locala achegándonos ata o Concello de Mos, onde nos meteremos no Outeiro de Herville onde está o Santuario da Virxe das Neves e un excelente mirador ao Val da Louriña. As autoridades advirten que esta rota pasa por lugares dun grande valor medioambiental, paisaxístico, etnográfico, cultural e histórico polo que se conta ca túa colaboración para respetalo e conservalo.





## PROGRAMA DA ACTIVIDADE:

- 09:30h Quedada en fronte do Café Soraya. Estrada da Igrexa, 146, 36310 Vigo,
- 09:45h:00h Inicio do Percorrido.
- 11:30h Parada para tomar unha media mañán.
- 14:00h Xantar.
- 17:00h Aprox. Remate da Actividade.

## INFORMACIÓN XERAL:

- Domingo, 27 de abril de 2025.
- Inicio: Estatua da Leiteira fronte ao Café Soraya.
- Distancia: 13.9 km
- Dificultade: Fácil.
- Tipo: Circular.
- Duración da actividade: 7:00h Aprox.
- Altitude: Min. 292 m. / Máx. 565 m.
- Transporte: Coches propios.

## PREZO DA ACTIVIDADE:

- Adultos: **15 €**
- Nenos dende 8 a 15 anos: **5€**
- Transporte en coche da empresa: **3 €/persoa.**
- Inclúe:
  - Guía da Natureza titulado
  - Téc. Sup. en Educación e Divulgación Ambiental.
  - Seguro de Montaña, Senderismo e Educación Ambiental en ruta. (Turismo Activo).

## INSCRIPCIÓNS:

As inscricións deberán ser remitidas con **nome e apelidos, DNI, email e tlf mobil a: asendadomoucho@gmail.com** ou no **Whatsapp: 627 133 978**



**"Porque só protexemos o que valoramos e só valoramos o que coñecemos".**

*(Gerardo Fernández Carrera)*

## PERCORRIDO E PERFIL DO MESMO.



## O NOSO OBXECTIVO

O obxectivo da nosa **actividade de senderismo** é a **transmisión e a divulgación da riqueza da nosa contorna natural a través de paradas puntuais**, onde achéganse todos os contidos salientables, ou de interese que imos atopando no noso percorrido, perfilando elementos tanto da nosa riqueza etnográfica (muiños, mazos, lendas,...) como eventos naturais (floración de tempada, berrea, migración de aves,...) flora e fauna dos diferentes enclaves naturais que visitamos.

## OBSERVACIÓNS E CONSELLOS.

**Levar** froita, froitos secos ou barriñas enerxéticas, para tomar unha media mañán, etc.

Roupa de abrigo lixeira, impermeable, chuvasqueiro, capa ou un similar (lixeiro). **Gorro ou viseira. Pantalóns de perneira longa. Gafas de Sol. Braga, luvas, forro polar,...** **Litro ou litro e medio de auga por persoa.**

**Levar calzado adecuado para Senderismo, trekking ou hiking en baixa ou media montaña.** que poida, incluso, protexer un pouco o nocello. É recomendable levar uns calcetíns e calzado de reposto. **MOI CONVINTE OS BASTÓNS DE TREKKING.**

**\* O Guía responsable do grupo, resérvase o dereito de admisión por non estar adecuadamente pertrechado para as rutas, atendendo a motivos de seguridade do usuario.**

**\* Os cambeos no percorrido están supeditados ao criterio do guía por cuestións de seguridade ou meteorolóxica.**

**Conta de ingreso:**

**ES93 2100 1774 2802 0019 1715**

**Admítense pagos por BIZUM ou en metálico.**